



17 de decembro

Día da Edición



ÁNXEL CASAL

ÁNXL CASAL

SEMENTANDO LIBROS PARA UN PAÍS

As mans de Ánxel Casal, o tipógrafo, o editor, estampan a cultura e a literatura galega do primeiro terzo do século XX. A súa é a biografía do libro en galego. Casal editou Otero, Risco, Castelao, Cunqueiro, Manoel Antonio, Ramón Vilar Ponte, Blanco Amor, Amado Carballo, Víctor Casas ou Federico García Lorca e os *Seis poemas galegos*. Do seu taller saíu literatura, historia, ensaio político, propaganda... Con el tamén colaboraron como ilustradores Seoane, Camilo Díaz Baliño ou Maside. No labor das editoriais *Lar* e *Nós* está incluído un total de oitenta e nove libros con cubertas ilustradas. Para alén da atención que Ánxel Casal prestou á ilustración dos libros dados a lume pola súa súa editora, tamén favoreceu a divulgación de publicacións como *Universitarios*, *A Nosa Terra*, *Nós*, *Amañecer*, *Máis*, *Claridad*, *Ser*. Tamén se encargou de imprimir os libros de *Resol*, dirixida por Arturo Cuadrado e Luís Seoane.

Casal desenvolveu día a día un esforzo económico e humano por manter unha empresa desas características e nese empeño contou sempre coa axuda de María Miramontes. A extraordinaria achega que estes homes e mulleres fixeron polo desenvolvemento cultural de Galiza é impagábel e nunca o suficientemente recoñecida. Ánxel Casal é unha das figuras máis importantes da historia cultural do país, como ben soubo velo Castelao, quen, a respecto da obra de Casal, afirmaba: «Il fixo por Galicia máis do que todos nós».

1895 No día 17 de decembro nace na Coruña, na casa n.º 28 da Fonte de Santo André, Ánxel Casal Gosenge. O seu pai chamábase Manuel Casal Basteiro e era xornaleiro,

natural de Vilantime (Arzúa); a súa nai chamábase Filomena Gosenge Arias e nacera en Visantón (Santiso).

1901 Falece a nai de Casal. O seu pai casará con María Salgado Otero. En 1908 a parella vive xunto cos dous fillos do anterior matrimonio, Ánxel e Genoveva, nos dous primeiros pisos do n.º 40 da rúa Galera. Segundo o seu medio irmán, Manuel Casal Agra, Casal traballou de neno na fonda e na xastraría familiar.

1909 Conforme aparece reflectido na tese de doutoramento de Vázquez Souza, Ánxel Casal estivo emigrado moi novo en Arxentina, Franza e Lisboa. Á volta da emigración, segundo Fernández del Riego e Manuel Casal Agra, traballou nas oficinas do Consulado de Franza na Coruña. De acordo cos datos recollidos por Vázquez Souza, é posíbel que na capital porteña aprendese o oficio de tipógrafo.

1916 O día 17 de maio constitúese no local social da Academia Galega a Irmandade dos Amigos da Fala. Once días despois fúndase a Irmandade de Santiago e nos meses e anos seguintes chegan a se constituír 28 Irmandades nas principais cidades e vilas de Galiza. Casal militarán nas Irmandades desde o momento da súa fundación. A 14 de novembro de 1916, na publicación do primeiro número de *A Nosa Terra*, Casal aparece na listaxe de redactores e colaboradores.

1917 No padrón municipal de 1917 aparece como soldado, vivindo na casa do seu pai no primeiro andar do n.º 69 da rúa de Santo André. En 1920 parece que xa debía estar independizado, pois non figura empadroado no novo enderezo da familia en María Pita. Neste ano tamén aparece entre os subscritores para erguer un mausoleo en Carral

na honra aos mártires do levantamento de 1846. Participa tamén activamente, en Nadal, nos actos de propaganda e organización que fixeron as Irmandades co gallo da visita a Galiza dunha delegación dos catalanistas da Lliga Regionalista.

1918 Asiste, en 24 de abril, con outros membros da Irmandade coruñesa, como LUGRÍS, Peña Novo e Antón Vilar Ponte, a un mitin en Sada. Os días 17 e o 18 de novembro participa na Asemblea das Irmandades da Fala en Lugo e asina, con outros 62 asistentes, o manifesto fundacional do nacionalismo galego.

1920 O día 25 de setembro casa con María Miramontes Mato, natural de Bergondo, de profesión modista; foi tamén unha activa integrante da Irmandade coruñesa. María Miramontes era unha moza intelixente, esperta e que participaba regularmente na vida cultural e política da Coruña. Era frecuente vela acompañada de Elvira Bao, Amparo López Jean ou Pilar Castro participando nun bo número de actividades. María fixo parte da directiva das Irmandades da Fala. Foi nestes ambientes onde moi posíbelmente o novo matrimonio se coñeceu. Xa casados, trasladáronse á rúa Panadeiras, n.º 9, onde vivían e onde montan en economía conxunta un comercio dedicado á venda de tecidos. Ao tempo, María exercía como costureira e Ánxel axudaba economicamente con clases de francés e facendo traducións. Máis tarde, a parella desloca o seu domicilio á rúa Galera, n.º 50, e logo ao emblemático primeiro andar da rúa Real, n.º 36.

1923 En abril é nomeado vicesecretario da Irmandade coruñesa. En maio é elixido secretario da Comisión Política, presidida por Lois Peña Novo. Figura na primeira relación de socios protectores das *Escolas do Insiño Galego*.

1924 Aos poucos meses de se botaren a andar as *Escolas do Insiño Galego*, Casal faise cargo da iniciativa. Crea con Leandro Carré Alvarellos a editorial *Lar*, en que Carré será o director-proprietario e Casal o administrador. O domicilio de Casal na rúa Real será tamén sede da editorial *Lar*, da Irmandade coruñesa e das *Escolas do Insiño Galego*.

1926 É nomeado secretario da Irmandade coruñesa, cargo en que permanece ata 1929.

1927 En agosto abandona a editora *Lar*, que fica nas mans de Carré, agora na rúa da Franxa, n.º 34, baixo, e funda a editora e prensa *Nós*, que continúa no seu domicilio da rúa Real. *Nós* será unha aventura literaria de edición, desde a cal se porá en andamento unha verdadeira literatura nacional a prezos relativamente populares. Esta editora será, por un lado, a que fomenta a popularización da cultura e, por outro, a que impulsa un libro nacional galego.

1928 Faise cargo das publicacións do Seminario de Estudos Galegos.

1929 En setembro participa, xunto con outros militantes irmandiños e cos republicanos liderados por Santiago Casares Quiroga, na fundación da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA).

1930 Edita o xornal de tarde *El Momento*. O fracaso do xornal, do que só saíran 14 números, cargou de débedas a Casal e freou a expansión da editora.

1931 Neste ano Ánxel Casal e María Miramontes deslocan a súa residencia a Santiago de Compostela por cuestións económicas e políticas. Queren estar máis perto do Seminario de Estudos Galegos, cuxas obras editaba a editorial *Nós*. Na cidade compostelá instálase no n.º 20 da rúa das Hortas, onde vivía o seu amigo, o pintor, cartelista e escenógrafo Camilo Díaz Baliño. No outono colabora na preparación da asemblea fundacional do Partido Galeguista (PG), que se celebrou en decembro en Pontevedra. María Miramontes, logo de longas xornadas de costura, participa nas tertulias da editora *Nós* e na actividade política do partido galeguista. Veremos tamén María integrada activamente na campaña de apoio ao Estatuto uns anos despois.

1932 En febreiro pasa a formar parte, como secretario de propaganda, da primeira directiva do grupo local do PG, xunto con López Durá, Fernández del Riego, Manuel Beiras e Francisco Barreiro Salaño. En xullo asiste á reunión organizada no Concello de Santiago polo alcalde, Raimundo López Pol, para convocar a Asemblea de Municipios para a redacción do Estatuto de autonomía de Galiza.

1933 Entre abril e xuño traslada a imprenta e editorial ao centro de Santiago, ao coñecido baixo da rúa do Vilar, n.º 15. É un dos militantes que participan, os días 24 e o 25 de xuño, nos actos organizados para as persoas expedicionarias de Galeuzca. En decembro publica o semanario republicano e galeguista *Claridad*.

1934 Participa no Mitin das Arengas, na praza da Quintana, en Santiago de Compostela. En setembro, nunha entrevista que lle fai Álvaro de las Casas en *El Pueblo Gallego*, anuncia o encerramento da editora. Os máis importantes escritores da época súmanse á organización dunha homenaxe a Casal, que ía ter lugar o día 7 de outubro no Hotel Compostela, mais que impediu a revolución de outubro.

1935 Fai parte do consello dos Ultreya. En abril participa, como membro da mesa presidencial, na VI Asemblea do PG en Santiago. Publica o semanario de esquerdas *Ser*, continuador de *Claridad*. Intégrase no Comité da Fronte Popular de Santiago.

1936 O día 23 de febreiro é elixido alcalde de Santiago, un mes máis tarde deputado provincial e logo vicepresidente da Deputación da Coruña. O día 9 de xullo dimitiu, cos outros concelleiros do PG, como edil e como alcalde do concello. En 17 de xullo participou, cos outros membros da Comisión estatutaria, na entrega do *Estatuto de Galiza* ao presidente do Congreso. No día 20 de xullo de novo xa en Santiago, e diante dos graves sucesos derivados do golpe de estado do día 18, fíxose cargo de novo da alcaldía á petición do comité de defensa que formaran no día 19 os partidos e sindicatos locais. O mesmo día 20, ás 12 da noite, a autoridade militar obrigouno a ceder o mando. Casal refuxiouse con María na aldea paterna de Vilantime. Alí foi detido o día 4 de agosto e conducido á cadea de Santiago, onde estaba tamén detido Camilo Díaz Baliño, pai de Isaac Díaz Pardo, asasinado na noite do día 13 ao 14 e cuxo corpo apareceu nunha gabia en Palas de Rei. Como testemuño desta estada no cárcere conservamos os debuxos de Camilo Díaz Baliño gardados durante anos por Luís Seoane nunha caixa forte en Bos Aires despois de que Isaac Díaz Pardo os depositase nas súas mans. Esa é a última imaxe do editor. A noite do 18 ao 19 de agosto foi brutalmente asasinado en Cacheiras (Concello de Teo).

Testemuño de Otero Pedraio no *Libro dos amigos*

Seus libros, de eles parteiro, collíaos con amor e infindo respeito. Os autores novos decatábanse de ficar en acordo inmorrente ca dinidade e a beleza da profesión literaria.

Enxamais saíu da imprenta de Casal unha páxina baixa, ruín ou intresada. Teño a honra de haber feito traballar aquela imprenta sempre alumeado por unha roseira branca e pura. Non a houber trocado por ningunha ilustre oficina de libro inda que a Plantino ou Aldo poidera remontar e nos tipos de frol de metal sensitivo, no balbordo de fornada da noite fora a gloria e o intrés das grandes cosmópolis de mañáns abraídas ou acesas por a fame dos libros novos.

Son paxaros voando sobre o mar. Alguns tripulan as leixadas dornas. Os imprentados por Casal son dornas, velas ou zocas. Soio o vento e o camiño de Galicia neles, e aquí doroso e mañífico arelar.



Deputación
DA CORUÑA